

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E O CONCELLO DE PORTOMARÍN PARA EQUIPAMENTO DO LOCAL CULTURAL DE PORTOMARÍN

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral Técnica ten previsto formalizar co Concello de Portomarín o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2024.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e o Concello de Portomarín para a dotación de equipamento para o local cultural de Portomarín

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización desta actividade. Trátase do equipamento dunha edificación para un uso cultural. Con esta actuación conseguírase unha mellora de actividades culturais, tanto organizadas polo propio concello (exposicións, charlas, coloquios, presentacións, xornadas de traballo, etc...), por outras administracións (exposicións, charlas, coloquios presentacións, xornadas de traballo, etc...), asociacións e agrupacións da zona (xuntanzas de comunidades, obradoiros de terceira idade, cursos de novas tecnoloxías, etc....) e/ou iniciativas privadas.

Por todo o anterior, o concello de Portomarín é o que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos



recollidos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria

